

## **BASES DO I CONCURSO LITERARIO DE PEZAS CURTAS**

### **“Perderlle o medo a escribir”**

Somos o **Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia**, un órgano formado por persoas usuarias que traballamos a favor dos nosos dereitos e contra o estigma asociado aos problemas de saúde mental.

Coa posta en marcha deste concurso literario de pezas curtas pretendemos, coa modestia e a humildade da proposta, contribuír polo menos a tres cuestións:

1. Fomentar a participación e a expresión artística.
2. Dar visibilidade e normalización aos problemas de saúde mental.
3. Contribuír a romper os estigmas que pesan sobre as persoas con problemas de saúde mental e promover un cambio cultural e social a favor da súa inclusión en todos os ámbitos da vida.

Baixo o título do concurso, **“Perderlle o medo a escribir”**, queremos que nos transmitades, a través das vosas pezas literarias curtas, aquelas cuestións que vos inquedan ou interesan en relación á saúde mental, sempre dende unha perspectiva normalizadora e libre de prexuízos. Convidámosvos, por tanto, a compartir as vosas experiencias e impresións a través da expresión literaria, pois cremos que a nosa voz en primeira persoa é realmente importante.

#### **1. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:**

- Poderá participar calquera persoa residente na comunidade autónoma de Galicia que estea vencellada á saúde mental ou pertenza a algunha entidade de Saúde Mental FEAFES Galicia (persoas usuarias dos servizos ou programas, familiares, persoas achegadas, amizades, persoas voluntarias ou colaboradoras, etc.).
- As persoas menores de idade ou tuteladas poderán participar, sempre e cando acheguen á solicitude un consentimento asinado pola nai, pai ou titor/a legal (anexo 2).
- Non se aceptarán pezas literarias aportadas por quen non teña a autoría ou propiedade das mesmas.
- As persoas que participen no concurso manifestan e garanten que son as únicas titulares de todos os dereitos de autoría sobre os traballos que presenten, responsabilizándose totalmente de que non existan dereitos de terceiras partes nas pezas presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de autoría.
- As persoas participantes neste concurso autorizan ao Comité en Primeira Persoa a divulgar, reproducir, distribuír e comunicar publicamente as pezas premiadas mediante calquera soporte, sistema ou medio que considere axeitado.
- A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgunha das cláusulas destas bases dará lugar á expulsión do concurso.

## 2. REQUISITOS DOS TRABALLOS:

- Poderá participar calquera tipo peza literaria de extensión curta, xa sexa poesía ou relato, escrita en galego ou en castelán.
- Cada persoa participante poderá presentar como máximo dúas (2) pezas literarias.
- As pezas literarias deberán ser enviadas en formato PDF.
- A extensión máxima das obras deberá ser de 5 estrofas no caso de poesía e 400 palabras no caso de relato.
- Todas as pezas literarias presentadas deberán axustarse ao tema proposto: **“Perderlle o medo a escribir”**. A temática será libre aínda que vinculada á saúde mental dende unha perspectiva normalizadora. Só se valorarán as obras que se alonxen dunha visión estigmatizante da saúde mental e valoraranse positivamente aquelas que contribúan á eliminación de prexuízos.
- Será condición indispensable que as obras sexan únicas, orixinais e que non fosen premiadas anteriormente en ningún outro certame.
- Será valorado o contido, a orixinalidade e a expresividade da obra, así como a súa calidade literaria e a adecuación ao obxecto do concurso.

## 4. ENVÍO DE TRABALLOS E PRAZO:

As pezas literarias e a documentación requirida serán enviadas por correo electrónico a **comite.primerapersona@feafesgalicia.org**. O prazo para a recepción das propostas rematará o día 6 de novembro de 2022 ás 23:00 da noite.

## 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Solicitud (anexo 1).
- As persoas menores de idade ou tuteladas terán que presentar o anexo 2 e a documentación que nel se require.
- Fotocopia escaneada do NIF/NIE da persoa participante.

## 6. PREMIOS:

- **1º premio:** vale de 100€ para gastar nunha librería + figura de artesanía.
- **2º premio:** vale de 75€ para gastar nunha librería + agasallo conmemorativo.
- **3º premio:** vale de 50€ para gastar nunha librería + agasallo conmemorativo.

## 7. SELECCIÓN:

O xurado está composto por todas as persoas integrantes do Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia máis dous persoas técnicas da Federación. En caso de empate, a coordinadora de comunicación de Saúde Mental FEAFES Galicia terá voto de calidade.

Unha mesma persoa participante non poderá obter dous premios, aínda que teña presentado dúas pezas literarias e ambas obtivesen o maior número de votos.

Os nomes das persoas gañadoras e os traballos premiados faranse públicos no blog [mentalizacion.org](http://mentalizacion.org) do Comité en Primeira Persoa, na páxina web de Saúde Mental FEAFES Galicia e nas súas redes sociais. O Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia contactará coas persoas gañadoras para a entrega de premios.

A decisión do xurado será inapelable.

#### **8. PUBLICACIÓN DAS PEZAS GAÑADORAS:**

O Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia e a federación Saúde Mental FEAFES Galicia resérvanse o dereito de publicar ou utilizar as pezas literarias gañadoras do concurso na súa páxina web, blog, redes sociais ou outros materiais e publicacións sen limitación de tempo nin de lugar, citando sempre o nome do autor ou autora.

## ANEXO I: SOLICITUDE

### DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE:

Nome e apelidos:

NIF/NIE:

Lugar de residencia:

Teléfono de contacto:

Enderezo electrónico:

### DATOS DA PEZA LITERARIA (máximo dúas):

Título da peza literaria 1:

Título da peza literaria 2:

### DECLARO que:

- Son a única persoa titular de todos os dereitos de autor sobre a/as obra/s que presento ao **I CONCURSO LITERARIO “PERDERLLE O MEDO A ESCRIBIR”**, e responsabilízome totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas pezas presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de autoría.
- Ningunha das pezas literarias que presento foi premiada con anterioridade.
- Cedo os dereitos en caso de obter o primeiro premio.
- Autorizo a Saúde Mental FEAFES Galicia e ao Comité en Primeira Persoa a expor, publicar, utilizar e reproducir as pezas enviadas no caso de ser premiadas.
- Acepto as bases do concurso.

En ....., a ..... de .....de .....

Asinado:

## **ANEXO 2: AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DE PERSOAS MENORES OU TUTELADAS**

Eu, ....., con NIF/NIE .....,  
AUTORIZO a .....,  
menor de idade ou persoa tutelada por min, a presentarse ao **I CONCURSO LITERARIO  
“PERDERLLE O MEDO A ESCRIBIR”** que organiza o Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental  
FEAFES Galicia, e achego a documentación necesaria para amosar o meu vínculo coa persoa  
autorizada.

En ....., a ..... de .....de .....

Asinado:

### **DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA AUTORIZACIÓN:**

- Fotocopia do NIF/NIE da persoa que da a autorización.
- Fotocopia escaneada do libro de familia (no caso de autorización a un fillo ou filla).
- Xustificante de ser titor/a da persoa autorizada (no caso de autorizar a persoas que non sexan fillos/as ou cando estes/as sexan maiores de idade pero teñan unha incapacidade xudicial).